



## PREGUNTA ORAL SOBRE A DEMORA NAS ACTUACIÓNS PARA A CONSERVACIÓN E POSTA EN VALOR DO CASTELO DA ROCHA

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día do Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O recinto da que se considera unha das maiores fortalezas galegas e referencia fundamental na historia da cidade e da Galicia medieval continúa á espera de que se materialice a súa definitiva posta en valor a través do Plan Especial aprobado pola Corporación en xaneiro de 2015, culminando así os labores iniciados a principios da década pasada.

Uns traballos que foron impulsados a partir de 2013, propiciados pola concesión dunha subvención de un millón de euros por parte do Ministerio de Cultura para continuar os traballos arqueolóxicos e distintas accións de promoción e difusión do xacemento, sufriron unha parálise nos últimos anos, mesmo as visitas que se iniciaron en 2014 foron suprimidas.

As previsións de continuar coa posta en valor da fortaleza e o seu contorno, a través da expropiación dos terreos necesarios para o aparcamento, a edificación dotacional ou os camiños interiores do parque, foron incumpridas. Apenas se deron os primeiros pasos para poñer en marcha o expediente de expropiación –proceso continúa paralizado á espera de resolver as alegacións presentadas a principios do ano 2017- e a adopción dun acordo no pasado mes de marzo para a inclusión do proxecto de “acondicionamento interior do Castelo da Rocha” na planificación da EDUSI por un importe de 99.144 euros, dos que o 80% serán de financiamento europeo e un 20% de achega municipal.

Na actualidade, o proxecto do acondicionamento interior do recinto arrastra un considerable retraso, xa que na propia proposta elaborada polo grupo de Goberno se sinala que as obras deberían comezar en abril de 2018 e que terían un prazo de execución de 6 meses, coa que a finalización se produciría en setembro de 2018. O certo é que a día de hoxe non se ten noticia da exposición pública do proxecto nin da realización dos pregos de condicións para proceder á licitación das obras, como pasos previos á selección da empresa adxudicataria, polo que resulta imposible que se cumpran as previsións do Goberno para rematar as obras no actual mes de setembro.

Mentres tanto, o Castelo da Rocha volve a sumirse no esquecemento, coa supresión das visitas iniciadas en 2014 para particulares e colectivos escolares e culturais; cun valado de protección no que se poden observar varios tramos forzados polos que se pode acceder ao interior, cuns paneis informativos que resultan ilexibles e cuns labores de mantemento no arredor dos que unicamente parecen encargarse uns cabalos de propiedade privada que, ás veces, aproveitan o pasto amarrados á beira do peche.



Á vista desta situación, o Grupo Municipal Popular formula a seguinte pregunta para a súa resposta en Pleno:

***Cal é o motivo do abandono e do retraso no que se atopa a recuperación e posta en valor do Castelo da Rocha e que previsións manexa o Goberno local para cumprir as accións previstas no Plan Especial aprobado en xaneiro de 2015 para este enclave?***

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2018

María Ángeles Antón Vilasánchez  
Concelleira do Grupo Popular